

RAID SOCIAL 2013 CLUB DE MONTAÑA FERROL

BOLETÍN 0



DESCRIPCIÓN DA PROBA:

A proba terá lugar o domingo 24 de Marzo de 2013 e discorrerá principalmente polo concello de Ferrol. A saída, transición e meta serán no campo de fútbol de A Malata. Estará composta por 2 seccións:

1. **Sección combinada de kajak e trekking:** O kajak terá un percorrido de entre 5 e 6km, pra o que se estima un tempo de 1 hora. O trekking terá un percorrido de 12 a 15km, sobre 500m de desnivel acumulado e estimase que a la maioría dos equipos levaralles en torno as 2 horas.
2. **Sección de bicicleta todo terreo:** O percorrido terá unha distancia de entre 30 a 35km e un desnivel acumulado de uns 1200m. Estímase un tempo medio de 3 horas para completar o percorrido.

Dividirase a os equipos en 3 grupos, segundo o orden en realizalas seccións:

- **Grupo A:** Sección 1(Kajak – Trekking) – Sección 2 (BTT)
- **Grupo B:** Sección 1 (Trekking – Kajak) – Sección 2 (BTT)
- **Grupo C:** Sección 1 (BTT) – Sección 2 (Trekking – Kajak)

O total do raid terá entre 50 e 55km de percorrido e algo mais de 1600m de desnivel acumulado, pra o que se estima un tempo medio total de unhas 6 horas.

A participación será en equipos de 2 compoñentes sempre en carreira. Estableceranse dous categorías pra clasificación:

- **Categoría Raid:** Equipos masculinos, femininos ou mixtos que realizarán as 2 seccións das que consta o raid, inda que poderán acurtar os percorridos en función das súas capacidades físicas.
- **Categoría Iniciación:** Equipos masculinos, femininos ou mixtos que so realizarán a sección combinada de kajak e trekking. Na distribución de equipos asignaráselles como Grupo A ou Grupo B, nunca como Grupo C.

Os equipos femininos e mixtos terán unha bonificación do 10% do tempo empregado, a descontar de dito tempo.

No caso de que algún equipo teña que esperar polo kajak, ese tempo neutralizase e non sumará a o tempo total.

A hora de saída do Raid Social será as 10:00 para ámbalas dúas categorías. O peche de meta será as 17:00 + bonificación + neutralización pra la categoría Raid e as 14:00 + bonificación + neutralización pra la categoría Iniciación.

Os kaiaks, as palas e os chalecos os poñerá a Organización. Os participantes da categoría Raid terán que traela súa bicicleta.

O prezo da inscrición será de 20€ por equipo pra os que participen na categoría Iniciación e 24€ por equipo pra os que participen na categoría Raid.